



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/09/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor o próximo mes de decembro do Regulamento comunitario 1370/2007 de transporte de viaxeiros presenta unha oportunidade para o transporte marítimo de viaxeiros na Ría de Vigo que o Concello de Vilaboa debe aproveitar.

O Decreto 228/2008, sobre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galiza dedica o capítulo III ás actividades de fomento deste transporte, sendo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a competente para executalas.

O concello de Vilaboa tivo transporte marítimo de viaxeiros con Vigo para desaparecer a finais dos anos setenta. A actual estratexia de mobilidade prioriza o uso do transporte público sobre o vehículo privado, con medidas como a penalización fiscal do consumo de combustible. A administración competente ten a obriga de promoverlo.

No actual contexto de crise, é necesario ofrecer alternativas aos traballadores que se desprazan a diario a Vigo aos seus centros de traballo dado o carácter antieconómico e antiecolóxico das prácticas máis comúns.

Estes días estase a falar dun prezo por billete de 1 euro, o que o fai moi atractivo o seu uso. Tamén se están a arbitrar medidas de coordinación e compensación aos usuarios para o uso combinado de varios transportes públicos.

Por todo isto, o BNG presenta a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

Primeiro. Solicitar á Xunta de Galiza a declaración de servizo público do transporte marítimo de viaxeiros entre o concello de Vilaboa e o concello de Vigo.

Segundo. Solicitar á Xunta de Galiza que contemple esta rota nas medidas de fomento e apoio ao sector de transporte marítimo de viaxeiros.

Terceiro. O concello de Vilaboa declárase disposto a colaborar economicamente no fomento deste transporte.

Cuarto. Enviar este acordo á Xunta de Galiza e grupos parlamentarios do Parlamento galego.

Vilaboa, 28 de setembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA